

CEIP. VIRXE DO ROCÍO.

# PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

P.A.T



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**CEIP "VIRXE DO ROCÍO"**

R/ Rocio, 70 36208 VIGO

☎ 986 236 148

Fax: 986 119 182

e-correo: [ceip.virxe.rocio@edu.xunta.es](mailto:ceip.virxe.rocio@edu.xunta.es)

web: <http://edu.xunta.es/centros/ceipvirxerocio>

## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. A FUNCIÓN TITORIAL
  - 2.1. Aproximación conceptual.
  - 2.2. Funcións dos titores/as.
3. A ACCIÓN TITORIAL NO CEIP VIRXE DO ROCÍO.
  - 3.1. Obxectivos da acción titorial
  - 3.2. O Plan de Acción Titorial no entramado organizativo do centro
  - 3.3. Desenvolvemento da acción titorial
    - 3.3.1. Actuacións previstas en Educación Infantil
    - 3.3.2. Actuacións previstas en Educación Primaria
4. SUBPROGRAMAS DE ACCIÓN TITORIAL
  - 4.1. Programa de Exploración Psicopedagóxica do Alumnado (PEPA)
  - 4.2. Programa de Detección da Perda Auditiva e Visual en Educación Infantil (PDPAV)
  - 4.3. Plan de Acollida (PA)
  - 4.4. Programa de Preparación para a ESO (PPESO)
  - 4.5. Plan de Potenciación da Aprendizaxe Emocional e das Habilidades Sociais (PPAEHS)
  - 4.6. Programa de Enriquecemento Horizontal (PEH)
  - 4.7. Programa de Mellora da hixiene Persoal (PMHP)
  - 4.8. Programa de Sensibilización sobre o Acoso Escolar (PSAE)
  - 4.9. Programa sobre a Interculturalidade e a Cultura da Paz (PICP)
5. AVALIACIÓN.

## 1. INTRODUCCIÓN.

O labor docente non pode realizarse á marxe dunha acción tutorial permanente, e esta acción, encomendada maioritariamente ao profesorado titor, non debe abordarse unicamente desde os esforzos individuais do profesorado; debe ser unha tarefa na que se implique todo o centro, coidadosamente planificada e consensuada polos membros da comunidade educativa. Agora ben, sendo función do Departamento de Orientación a elaboración de propostas de acción tutorial, cómpre subliñar que a súa concreción e implementación debe ser responsabilidade da totalidade do profesorado, especialmente dos titores.

Dada a importancia destas actuacións resulta obvio estruturalas arredor dun plan, o Plan de Acción Tutorial, do que nos ocuparemos a continuación.

Sabemos que o profesor é o responsable directo da labor tutorial desempeñando o papel de mediador entre o alumnado, o equipo docente e as familias, cunhas tarefas específicas reguladas pola normativa.

Ao mesmo tempo, o orientador debe ser quen impulsa ese traballo, asesora, axuda a estruturar e organizar as actuacións e coordina ao profesorado titor.

Entón, ¿por qué e para qué o Plan de Acción Tutorial?.

Na concreción curricular da que nos fala a LOE, o desenvolvemento da acción educativa nas diferentes áreas cobre un amplo espectro dos contidos que se traballarán na Educación Infantil e Primaria, pero debemos coidar o desenvolvemento de temas tan relevantes para o logro dunha educación integral da persoa como a educación en valores, aprender a aprender, o autoconhecimento e o autocontrol, a resolución de problemas, a convivencia, a toma de decisións... e isto so se consegue a través da labor orientadora e de apoio de todo o equipo docente. Neste sentido o PAT é a resposta que, de modo sistemático e intencional, leva a cabo o centro para poder concretar dita orientación educativa.

Debemos ter en conta, tal e como sinalan García, R.J.; Moreno, J.M. e Torrego, J.C. (1993), que para que dito PAT sexa funcional debe reunir certas características:

- Será un plan de acción, é dicir, desenvolverase na aula (non pode quedarse a un nivel teórico).
- Deberá ser elaborado polo profesorado que o vai levar a cabo, non por expertos.



- Terá en conta o pasado do centro (logros, experiencias...) e o presente (necesidades) para poder proxectar un futuro.
- As propostas que aparezan no plan teñen que contrastarse coa realidade.
- O plan terá como obxectivo fundamental cambiar e mellorar.
- Un plan non pode darse por terminado, pois a medida que se vai aplicando vaise revisando e débese de ir cambiando e axustando ás necesidades do momento.

## **1. A FUNCIÓN TITORIAL.**

### **2.1. Aproximación conceptual.**

A acción titorial pretende a axuda e orientación na formación humana e académica do alumnado, procurando un adecuado crecemento e potenciación de todos os aspectos humanos, sociais e escolares da persoa en formación, así como servir de nexo de unión entre as familias e o centro, e entre os profesores que desenvolven a súa labor docente cun mesmo grupo de alumnos.

O modelo máis estendido nos sistemas educativos europeos é aquel que integra a actuación instrutiva do profesor noutra máis ampla que é a de educador, ao tempo que existe un profesor-titor que coordina a acción titorial do conxunto dun equipo docente. E esta é a óptica adoptada pola actual Reforma Educativa.

Así, a LOE no seu artigo 91º recolle entre as funcións do profesorado: "a titoría dos alumnos, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias".

Este modelo titorial concibe a educación como algo máis que a pura instrución e esixe a existencia dunha figura que sirva de referente para eses contidos que non son estritamente instrutivos e que forman parte de maneira ineludible da formación das novas xeracións: ensinanza de valores, actitudes, hábitos, etc.

O sistema titorial convértese na peza clave do proceso escolar e na base e punto de partida das actividades docentes e comunitarias, debendo reflectir a realidade do centro e adaptándose ás necesidades educativas dos seus alumnos, profesorado e pais/nais.

E é a figura do titor o eixe que coordina e dinamiza este proceso, concibíndose así a titoría como unha actividade inherente á función do profesor que se realiza individual e colectivamente cos alumnos dun grupo clase, co fin de facilitar a integración dos procesos de aprendizaxe.

### **2.2. Funcións dos titores/as.**

O Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, da Consellaría de Educación e O.U, no seu artigo 81º establece que:

1. Cada mestre titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:

- a) Participar no desenvolvemento do plan de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da xefatura de estudos.
- b) Proporcionar no principio de curso, ao alumnado e ás familias, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- c) Coñecer as características persoais de cada alumno a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- d) Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno e alumna.
- e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos e alumnas para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- f) Coordina as adaptacións curriculares necesarias para alumnos e alumnas do seu grupo.
- g) Facilita a integración do alumnado no grupo e fomenta a súa participación nas actividades do centro.
- h) Orientar ao alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- i) Informar ao resto do equipo docente das características dos alumnos e alumnas, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- l) Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnado.
- m) De ser o caso, organizar e presidir as sesións de avaliación.
- n) Coordinar o proceso de avaliación do alumnado do seu grupo e adoptar a decisión que proceda referente á promoción dos alumnos e alumnas dun ciclo a outro, logo da audiencia dos seus pais e nais ou tutores e titoras legais.
- ñ) Atender, xunto co resto do profesorado, aos alumnos e alumnas mentres estes e estas permanecen no centro nos períodos de lecer.
- o) Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional do sector nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.



- p) Colaborar cos demais titores e titoras no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
- q) Orientar as demandas e inquiredanzas dos alumnos e alumnas e mediar ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- r) Informar aos alumnos e alumnas do grupo, ás familias e ao profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención aos aspectos e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas linguas oficiais.
- s) Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e as familias do alumnado.
- t) Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os demais profesores e profesoras do grupo.
- u) Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnos e alumnas.
- v) Controlar a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informadas ás familias, ou titores e titoras, e á xefatura de estudos.
- x) Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos e fillas.
- z) Aqueloutras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción tutorial.



### **3. A ACCIÓN TITORIAL NO CEIP VIRXE DO ROCÍO.**

Asumido que a acción titorial compromete á totalidade do profesorado no marco dunha actuación colectiva e debidamente coordinada, e que o seu desenvolvemento abrangue tanto o ámbito do proceso de ensino-aprendizaxe coma o relativo ao desenvolvemento persoal, pretendemos que este plan signifique unha resposta deste centro cara á personalización da educación do noso alumnado

Naturalmente, este proceso de axuda está condicionado á situación de partida, á realidade do conxunto deste sistema e ao noso contexto, o que determinará a elección dos obxectivos a acadar e as actuacións específicas para o seu logro.

En termos xerais, o noso contorno caracterízase por:

- Alumnado de procedencia urbana..
- Gran presenza de alumnado inmigrante (Romanía)
- Familias tradicionalmente cun nivel cultural medio-baixo.
- Plantilla de profesorado maioritariamente estable (definitivos), con profesorado especialista en Ed. Física, Música, Inglés, Relixión, Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e con servizo de orientación compartida.
- Familias en xeral colaboradoras co colexio.
- Un alto porcentaxe de alumnado con dificultades na adquisición das técnicas instrumentais, carente de estratexias de aprendizaxe, de traballo autónomo e falta de motivación polas tarefas escolares.

Estas realidades xenéricas de partida son as que orientan, como se indicou anteriormente, o conxunto deste Plan, os seus obxectivos e as súas actuacións.

#### **3.1. Obxectivos da acción titorial.**

Tendo en conta todo o referido anteriormente, con este Plan de Acción Titorial pretendemos:

- Coñecer as características dos/as alumnos/as a nivel persoal, familiar, socioambiental e escolar (competencia curricular, estratexias de aprendizaxe, motivación e intereses) coa finalidade de programar respostas educativas adecuadas que contribúan ao seu desenvolvemento integral.
- Favorecer a integración do novo alumnado, desenvolvendo accións que faciliten a adaptación e favorezan a súa interacción co grupo.
- Establecer unha liña de comunicación - información permanente do grupo de alumnos/as e o equipo docente.

- Promover unha exploración psicopedagóxica individual coa totalidade do alumnado, para contribuír ao seu coñecemento e ao axuste da intervención educativa.
- Contribuír á formación integral do alumnado, en sintonía cos principios recollidos no PEC.
- Favorecer procesos de mellora educativa a través da implementación de programas e desenvolvemento de actividades formativas por parte dos equipos docentes, co asesoramento e apoio do Departamento de Orientación.
- Promover a participación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas daquilo que precisen e demanden, en especial da importancia da estimulación dos fillos, da promoción da súa autonomía, da potenciación dos valores, da relación familia - alumnado - profesorado e de todo aquilo relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe.
- Contribuír á mellora da coordinación e asegurar a continuidade educativa entre os distintos centros, ciclos e/ou etapas.
- Favorecer a convivencia, potenciando a formación en valores, o desenvolvemento das habilidades sociais e a autoestima, que facilite a adaptación social e persoal e a resolución dialogada de conflitos.

### **3.2. O Plan de Acción Titorial no entramado organizativo do centro.**

Xa vimos que a LOE prescribe a función orientadora e titorial do profesor, que o Departamento de Orientación ten que apoiar, colaborando no seu desenvolvemento.

Pero nin a acción titorial é un feito individual ou de pequeno grupo nin responde so a decisións do titor, o equipo docente ou o Departamento de Orientación. O centro educativo é unha estrutura na que os seus elementos deben organizarse dun modo global, reflexivo e coidadosamente planificado para conseguir cun óptimo aproveitamento dos recursos os mellores resultados.

A LOE recolle esta filosofía no seu articulado, sentando as bases da organización pedagóxica do centro dentro da autonomía que a cada un lle corresponde. Así, nos di que "os centros docentes disporán de autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo", que o proxecto educativo do centro "recollerá a forma de atención á diversidade do alumnado e a acción titorial" e recolle entre as competencias do Claustro de profesores "fixar os criterios referentes á orientación, titoría, avaliación e recuperación dos alumnos"

Cada centro pois, debe dotarse dun Plan de Acción Titorial que garanta a todo o seu alumnado, desde que ingresa ata que abandona o colexio, unha orientación educativa continua coordinada e adecuada ao su nivel de desenvolvemento, froito dunha decisión consensuada e vinculada á

acción global do centro, constituíndo, conseguintemente, a súa planificación unha parte sustancial e consustancial do PEC.

### **3.3. Desenvolvemento da acción tutorial.**

Para tratar de acadar os obxectivos establecidos anteriormente entendemos necesaria a realización dunha serie de accións, debidamente planificadas e cun seguimento regular que permita o seu (re)axuste.

En consecuencia, entre as actuacións que cada un dos ciclos e/ou etapas pode desenvolver destacan:

#### **3.3.1. Actuacións previstas para Educación Infantil.**

- Desenvolvemento das actuacións previstas no Programa de Acolida.
- Realización, nos casos de novas incorporacións, da entrevista persoal a cada familia, de cara á obtención da información necesaria para a ficha de avaliación inicial.
- Enchido, nos casos que corresponda, da ficha de avaliación inicial.
- Análise do expediente persoal do alumnado e de toda aquela información que facilite o coñecemento da súa realidade e dos aspectos que poden incidir no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Realización dunha reunión trimestral e xeral coas familias para informarlles de todo o relativo ao proxecto educativo, á concreción curricular e ao desenvolvemento do proceso educativo. Procurarase que a primeira coincida co comezo do curso e nela informarse sobre todo o relativo a: calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares, criterios de avaliación do grupo, normas organizativas do centro, colaboración da familia...
- Establecemento dunha liña de coordinación entre os distintos niveis da etapa.
- Promoción da coordinación entre as etapas de Infantil e Primaria.
- Participación, nos termos que estableza o Departamento de Orientación, no desenvolvemento do programas de exploración psicopedagóxica individual coa totalidade do alumnado e detección da perda auditiva.
- Información regular ás familias sobre os progresos e dificultades do alumno establecendo canles de comunicación e colaboración que favorezan a educación integral.
- Elaboración dun informe escrito trimestral que recolla os datos sobre os progresos e dificultades detectadas na consecución dos obxectivos establecidos no currículo, sobre o proceso de integración socioeducativa, sobre o grao de iniciación no desenvolvemento das

competencias básicas e, de ser o caso, sobre as medidas de apoio ou reforzo educativo adoptadas ou propostas.

- Enchido das fichas - informe de avaliación anuais.
- Realización, ao remate da etapa, do informe de avaliación final.
- Cumprimentar os datos correspondentes ao informe persoal.
- Control e informe das incidencias relacionadas coa puntualidade, absentismo...
- Participación no deseño e implementación de programas e actividades que contribúan á mellora do proceso educativo, ao desenvolvemento persoal e social do alumnado e á promoción da convivencia.
- Participación no seguimento e avaliación dos distintos proxectos e/ou programas, nos termos que se establezan.
- Promoción e coordinación de actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación responsable do alumnado na vida do centro.
- Establecemento dun horario semanal de atención individualizada ás familias.
- Planificación e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Coordinación da acción común do profesorado do mesmo grupo de alumnos.
- Organización das sesións de avaliación, procurando que o seu desenvolvemento se axuste aos principios da avaliación global, continua, formativa, reguladora e orientadora do proceso educativo, coordinando a mellora da intervención educativa e responsabilizándose da elaboración das actas.
- Transmitir aos profesores todas as informacións sobre o alumnado que lles poidan ser útiles para o desenvolvemento das súas tarefas docentes, avaliadoras e orientadoras

### **3.3.2. Actuacións previstas para Educación Primaria.**

- Desenvolvemento, de darse as circunstancias, das actuacións previstas no Programa de Acollida.
- Realización da avaliación inicial, revisando os expedientes do alumnado, analizando a información aportada nos informes do curso e/ou etapa anterior e considerando todo aquilo que facilite o coñecemento da súa realidade e dos aspectos que poden incidir no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Realización dunha reunión trimestral e xeral coas familias para informarles de todo o relativo ao proxecto educativo, á concreción curricular e ao desenvolvemento do proceso educativo. Procurarase que a primeira se realice antes do 31 de outubro e nela informarase sobre todo o relativo a: calendario escolar, horarios, horas de titoría,

actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares, criterios de avaliación do grupo, normas organizativas do centro, colaboración da familia...

- Establecemento dun horario semanal de atención individualizada ás familias.
- Asesoramento ás familias sobre todo aquilo que afecte á educación dos seus fillos, orientando a súa implicación nas tarefas de estudo e na promoción da autonomía, autoconceito e autoestima.
- Promoción da coordinación cos equipos de ciclo.
- Participación, nos termos que estableza o Departamento de Orientación, no desenvolvemento do programa de exploración psicopedagóxica individual.
- Planificación e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade, especialmente as contempladas no Plan de Atención á Diversidade.
- Participación no deseño e implementación de programas e actividades que contribúan á mellora do proceso educativo, ao desenvolvemento persoal e social do alumno e á promoción da convivencia.
- Organización das sesións de avaliación, procurando que o seu desenvolvemento se axuste aos principios da avaliación continua, formativa e orientativa que se propugnan para todas as fases do proceso avaliador, tratando de coordinar todo o relativo á intervención educativa e á promoción de cada alumno e responsabilizándose do enchido das actas.
- Información regular ás familias sobre os progresos e dificultades do alumnado, prestando especial atención á información escrita correspondente ás distintas sesións de avaliación.
- Procurar a colaboración das familias e o intercambio e análise de información en relación co desenvolvemento dos seus fillos/as promovendo unha actitude serena, positiva, activa e responsable fronte as dificultades que se plantexen.
- Actualización do expediente do alumnado.
- Control e informe das incidencias relacionadas coa puntualidade, absentismo...
- Cumprimentar os informes de avaliación e, de darse o caso, do informe persoal por traslado.
- Participación no seguimento e avaliación dos distintos proxectos e/ou programas, nos termos que se establezan.
- Promover e coordinar actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación responsable do alumnado na vida do centro: dar a coñecer ao principio de curso cales son os nosos dereitos e deberes, normas de réxime interior e disciplina, funcionamento do centro,.. e determinar as normas e procedementos de organización e funcionamento do grupo-clase (normas da aula, xestión de resolución de conflitos...).



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**CEIP “VIRXE DO ROCÍO”**

R/ Rocío, 70 36208 VIGO

☎ 986 236 148

Fax: 986 119 182

e-correo: [ceip.virxe.rocio@edu.xunta.es](mailto:ceip.virxe.rocio@edu.xunta.es)

web: <http://edu.xunta.es/centros/ceipvirxerocio>

- Coordinar o seguimento da evolución do grupo e a toma de decisións e actuacións a desenvolver.
- Transmitir ao profesorado toda a información sobre o alumnado que lles poidan ser útiles para o desenvolvemento das súas tarefas docentes, avaliadoras e orientadoras.
- Incidir na adquisición e mellora dos hábitos de traballo.

#### **4. SUBPROGRAMAS DE ACCIÓN TITORIAL.**

Se ben a acción titorial forma parte indefectiblemente da acción docente, entendemos que deben deseñarse actuacións e/ou programas específicos de intervención en resposta ás necesidades da comunidade educativa que desenvolvan, complementen e enriquezan a programación da función titorial.

Esta proposta de acción é aberta e enriquecerase coa incorporación de novos programas que demande o centro, se ben é condición indispensable que toda a comunidade educativa se implique no seu deseño e desenvolvemento, para que se traduzan en accións reais e eficaces.

A continuación, recollemos os programas nos que se traballa no centro:

- Programa de Exploración Psicopedagóxica do Alumnado (PEPA).
- Programa de Detección da Perda Auditiva e Visual en Educación Infantil (PDPAV).
- Plan de Acolida (PA).
- Programa de Preparación para a ESO (PPESO).
- Plan de Potenciación da Aprendizaxe Emocional e das Habilidades Sociais (PPAEHS).
- Programa de Enriquecemento Horizontal (PEH).
- Programa de Mellora da hixiene Persoal (PMHP).
- Programa de Sensibilización sobre o Acoso Escolar (PSAE).
- Programa sobre a Interculturalidade e a Cultura da Paz (PICP).

**PROGRAMA DE EXPLORACIÓN PSICOPEDAGÓXICA DO  
ALUMNADO DE FIN DE CICLO**

### **1. INTRODUCCIÓN.**

O programa de exploración psicopedagóxica forma parte dun enfoque preventivo e de atención temperá que, desde o punto de vista psicopedagóxico, realiza o Departamento de Orientación do centro.

Toda a información acadada transmítese ao profesorado, alumnado e familia.

### **2. OBXECTIVOS.**

- Colaborar co profesorado no coñecemento de cada alumno/a co obxecto de axustar a intervención educativa ás súas características persoais.
- Facilitar o coñecemento do alumnado por parte das familias, adecuando as súas expectativas, orientando a toma de decisións e servindo de punto de partida para o asesoramento respecto das axudas adecuadas para a mellora do proceso educativo.

### **3. DESENVOLVEMENTO.**

As exploracións psicopedagóxicas que conforman este programa levaraaas a cabo o orientador do centro, informando dos resultados ao profesorado e familias. O titor/a, sempre que sexa oportuno, dará a coñecer esta información aos alumnos.

As exploracións realizaranse en Ed. Infantil de cinco anos e nos ciclos 1º, 2º e 3º de Ed. Primaria. Os resultados obtidos formarán parte do expediente do alumnado.

### **4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.**

O seguimento e avaliación da realización deste programa realizarase por parte do Departamento de Orientación.



**PROGRAMA DE DETECCIÓN DA PERDA AUDITIVA  
E VISUAL EN EDUCACIÓN INFANTIL**

## **1. INTRODUCCIÓN.**

Este programa ten por obxecto detectar posibles deficiencias auditivas e/ou visuais no alumnado de Educación Infantil. As observacións rexístranse nun cuestionario que cubrirá o/a titor/a do grupo.

No caso de posibles sospeitas de perda auditiva ou visual notificárase á familia e de ser necesario ao responsable de deficiencias sensoriais do EOE.

## **2. OBXECTIVOS.**

- Detectar ao alumnado con problemas auditivos e/ou visuais.
- Facilitar información, apoio e asesoramento ás familias destes alumnos/as.
- Promover o concurso de servizos especializados para a diagnose e tratamento do alumno/a.
- Desenvolver unha acción educativa que dea resposta a estas necesidades.

## **3. DESENVOLVEMENTO.**

O/A titor/a do grupo levará a cabo a observación para a detección da perda auditiva e/ou visual rexistrando os datos nos cuestionarios establecidos a tal efecto, dando traslado deste ao orientador/a do centro.

A valoración do referido cuestionario realizaraa o orientador que dará a familia a información e asesoramento pertinentes, promovendo, ao mesmo tempo e de ser necesaria a intervención do EOE.

## **4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.**

O seguimento e avaliación da realización deste programa realizarase por parte do Departamento de Orientación.



**CUESTIONARIO DE OBSERVACIÓN PARA A DETECCIÓN DA PERDA AUDITIVA  
 EN EDUCACIÓN INFANTIL**

<b>DATOS DE IDENTIFICACIÓN</b>
ALUMNO/A:.....
DATA DE NACEMENTO:..... CENTRO:.....
PROFESOR/A QUE REALIZA A OBSERVACIÓN:.....
DATA DA OBSERVACIÓN:.....

<b>OBSERVACIÓNS A REALIZAR</b>
Padece frecuentes problemas catarrais ou de otite.
Non fala.
Usa un vocabulario moi reducido para a súa idade.
Non é capaz de repetir frases de máis de dúas ou tres palabras.
A súa linguaxe é case inintelixible.
Só entende ben ordes que van acompañadas de expresión xestual.
Ás veces parece ausente.
Non entende regras de xogo, pequenas explicacións, etc.
Pregunta moitas veces ¿qué?
Parece que só o entende a súa familia.
Ten moitas dislalias.
Acostuma a mirar o que fan outros nenos ou nenas cando se dan ordes sinxelas.
Entende mellor cando mira ao profesor.
A súa linguaxe parece non progresar ou faino moi lentamente.
Non respecta as ordes.



OUTRAS OBSERVACIÓNS DE INTERESE:

Vigo, ..... de ..... de 20.....

O/A PROFESOR/A



**CUESTIONARIO DE OBSERVACIÓN PARA A DETECCIÓN DA PERDA VISUAL  
 EN EDUCACIÓN INFANTIL**

<b>DATOS DE IDENTIFICACIÓN</b>
ALUMNO/A:.....
DATA DE NACEMENTO:..... CENTRO:.....
PROFESOR/A QUE REALIZA A OBSERVACIÓN:.....
DATA DA OBSERVACIÓN:.....

<b>OBSERVACIÓNS A REALIZAR</b>	
	A familia di que o neno/a torce os ollos cara fóra
	Achega exaxeradamente os xoguetes aos ollos ou se achega ou afasta excesivamente dos libros
	Entrepecha as pálpebras ou unha soa
	Frégase os ollos repetidamente
	Torce a cabeza para ler ou para fixar a visión nun punto
	Lagañas, lagrimexada ou ollo vermello frecuentes
	Quéixase de cefalea frontal vespertina ou de visión borrosa, sobre todo se está canso ou con pouca luz
	A luz solar lle resulta excesivamente molesta ou ten mala adaptación á escuridade
<b>OUTRAS OBSERVACIÓNS DE INTERESE:</b>	

Vigo, ..... de ..... de 20....

O/A PROFESOR/A

## PLAN DE ACOLLIDA

### 1. XUSTIFICACIÓN

Consideramos que o **Plan de Acollida** é o conxunto de actuacións planificadas que un centro educativo pon en marcha para facilitar a adaptación dos alumnos/as que se incorporan ao centro e propiciar a súa adecuada integración no novo ámbito escolar e a mellor resposta educativa.

A chegada ao centro educativo tanto para o alumnado como para a súa familia supón un proceso de adaptación que implica assimilar normas, pautas de comportamento, novos contidos curriculares...

A imaxe do centro vai calar nos nosos alumnos e alumnas dende o primeiro día e tamén será percibida polas familias. Se esta imaxe é positiva tamén o será a valoración cas familias fagan do mesmo, co que estaremos asegurando a súa implicación e colaboración.

A maioría dos nenos e nenas que se escolarizan no CEIP "Virxe do Rocío" fanno en Educación Infantil e rematan a súa escolaridade no mesmo.

O noso labor é recibir no noso centro tanto aqueles nenos e nenas que procedan do estranxeiro como os que veñen doutros centros da nosa localidade ou doutra provincia.

O proceso de adaptación é especialmente difícil para os pequenos/as que non estiveron escolarizados/as en escolas infantís.

É fundamental que exista unha actitude positiva cara os novos alumnos e alumnas que comezan a escolaridade no noso centro.

A acollida debe ser afectuosa e entenderse coma un proceso de adaptación dos novos alumnos/as ao centro.

### 2. OBXECTIVOS.

#### 2.1. Obxectivo xeral.

- Facilitar a incorporación ao centro de todo o alumnado de novo ingreso.

## **2.2. Obxectivos específicos**

- Coñecer a situación de cada alumno no grupo, no centro e no seu contorno familiar e social.
- Promover e coordinar actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación dos alumnos e alumnas na vida do centro.
- Fomentar a responsabilidade, o respecto e a axuda do resto dos alumnos/as e profesores/as cara os recién chegados para que coñezan o ámbito escolar, os hábitos e normas básicas e conseguiran a súa integración de forma satisfactoria.
- Favorecer a orientación respecto aos espazos do centro mediante unha adecuada sinalización, para facilitar a independencia dentro do mesmo ás persoas que chegan por primeira vez (alumnado, docentes e familias).
- Crear un clima afectivo e de seguridade no alumnado establecendo na aula un ambiente ordeado e acolledor que favoreza a interrelación no grupo.
- Transmitir aos profesores todas aquelas informacións sobre os alumnos/as que poidan ser útiles no desenvolvemento das súas tarefas docentes e orientadoras.
- Potenciar a participación de todo o alumnado e das familias nas actividades do centro (extraescolares, complementarias...).
- Impulsar a participación das familias de "nova aollida" no funcionamento do centro: Consello Escolar, ANPA, actividades extraescolares e reunións de pais/nais co profesorado.

## **3. CONTIDOS.**

- Plano do centro coa ruta a seguir polo mesmo. Sinalización das distintas dependencias.
- Normas básicas de acceso e funcionamento do centro.
- Regulamento de Réxime Interno para as nais e pais.
- Estructura do tramo educativo da Educación Primaria, materia e horarios.

## **4. ACTUACIÓNS.**

### **4.1. Co alumnado de Educación Infantil 3 anos.**

A chegada do novo alumnado ao centro educativo é un momento moi importante, pois ás veces, trátase do primeiro contacto coa sociedade á que se incorpora. Para moitos nenos e nenas é o primeiro contacto co mundo escolar. As actuacións a levar a cabo son:

- Presentación de todo o equipo de profesores/as do centro.



- Xornada de acollida aos alumnos e alumnas de 3 anos no mes de xuño.
- Reunión coas familias no mes de xuño.
- Período de adaptación: segundo o establecido na Orde do 24 de maio de 2011 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2011-2012 na súa disposición adicional o período de adaptación do alumnado de educación infantil que se incorpora por primeira vez ao centro, terá a mínima duración posible que permita acadar os seus obxectivos, non podendo prolongarse con posterioridade ao 23 de setembro de 2011.
- Tanto na avaliación inicial como no período de adaptación intentaremos detectar as posibles carencias reais que presentan os alumnos/as, establecendo un clima de confianza que favoreza a autoestima.
- Neste período de adaptación crearemos un ambiente seguro que permita mostrar a bagaxe cultural que posúe o neno/a (coñecementos, competencia lingüística, hábitos, estratexias e habilidades sociais).

#### **4.2. Co alumnado procedente do estranxeiro**

- Presentación de todo o equipo de profesores/as do centro.
- Se o novo alumno/a descoñece o noso idioma, ou ben, o seu nivel de competencia curricular non é o que lle corresponde por idade, irá durante o tempo que se considere necesario a aula de PT/ AL para adquirir a lingua (tendo en conta o establecido na Orde do 20 de febreiro de 2004 sobre a atención ao alumnado inmigrante).
- Na medida do posible, ao alumnado inmigrante, debe incorporarse o maior número de horas posible á súa aula de referencia.
- Para facilitar o coñecemento do alumnado entre si pódese recorrer a xogos, actividades grupais ou outras estratexias que permitan unha boa acollida na aula.
- Unha vez finalizada a avaliación inicial e coñecendo as competencias curriculares do alumnado, tomaranse as decisións pertinentes para que poidan recibir unha atención máis individualizada, conforme ao establecido no Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- Reunión do orientador/a coa familia para coñecer as circunstancias familiares, sanitarias, económicas, expectativas respecto á formación do seu fillo/a...
- Desde o centro escolar colaborarase coas institucións, ONGs, asociacións que ofrecen recursos valiosos para a socialización e inclusión do alumnado inmigrante na sociedade dando a coñecer ao colectivo emigrante os servizos que lles ofrecen.

#### **4.3. Co alumnado novo que se incorpora á Educación Infantil ou Primaria**

- Presentación de todo o equipo de profesores/as do centro.
- Destacar as habilidades persoais do novo alumno co fin de mellorar a súa propia autoestima e a consideración dos compañeiros mediante a aprendizaxe cooperativa, o traballo en pequenos grupos e recorrendo a actividades que favorezan a súa inclusión.
- Impulsar a súa participación nas responsabilidades compartidas da clase e preparalo para as novas actividades ou para as situacións escolares que poden resultarlle estrañas.

#### **4.4. Coas familias**

- Reunión xeral de pais e nais do curso do recén chegado, presentación e acollida á nova familia.
- Presentación de todo o equipo de profesores/as do centro.
- Reunión individual do titor/a e/ou orientador/a coa familia, para informar sobre o funcionamento e servizos que ofrece o centro, por un lado, e para recabar información de interese da familia.
- Xornada de portas abertas para que a familia coñeza as instalacións do centro.
- Entrega de carpeta que conteña información importante. ANEXO I
- Promoverase a participación das familias nas distintas actividades do centro.

#### **4.5. Co profesorado que se incorpora ao centro**

- Presentación de todo o equipo de profesores/as do centro.
- Respecto ao profesorado novo no Centro que se incorpora ao principio de curso.
- Informar ao profesorado novo e crear, dende o primeiro día, unha dinámica de coordinación e de traballo en equipo.

### **5. MEDIDAS DIRIXIDAS AO ALUMNADO RECEPTOR E AO PROFESORADO DO CENTRO.**

- Reunión informativa para a acollida do novo alumno/a, na que se informará do lugar de procedencia do mesmo, características, expectativas...
- Elección dun compañeiro/a-titor/a, que axudará ao novo alumno/a durante o proceso de adaptación ao centro. Sentarase ao seu lado. Este **compañeiro/a-titor/a** debe ser unha



persoa ben predisposta, acollidora e comunicativa. Pode ser fixo ou ir variando entre todos os da clase. As principais **funcións** para realizar o alumnado titor son as seguintes:

- Acompañar ao novo alumno/a ás dependencias que descoñeza.
- Facilitar a integración do alumnado novo, evitando o seu illamento inicial ou nos tempos de lecer.
- Presentalo a outros compañeiros e compañeiras, profesorado, persoal non docente...
- Tratar de resolver as dificultades iniciais de comunicación.
- Axudarlle a entender as tarefas escolares que debe realizar.
- Orientalo sobre o funcionamento do centro: horarios, material de traballo, dependencias e espazos.
- Colaborar co titor comunicándolle as dificultades que detecte.
- Outras liñas de actuación na aula.

## **6. COORDINACIÓN.**

Este Plan de Acollida está integrado no Plan Xeral de Atención á Diversidade, estando conxionado cos distintos documentos de Centro (Proxecto Educativo, Programación Xeral Anual, Plan de Convivencia...).

### **6.1. Persoal implicado na coordinación do plan:**

#### Orientador/a:

- Coordinarase coa xefa de estudos e cos membros do Departamento de Orientación na elaboración, desenvolvemento e seguimento do Plan de Acollida.
- Coordinarase cos titores, profesorado especialista e Xefe/a de Estudos para recibir e recoller as demandas respecto ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Elaborar unha avaliación psicopedagóxica do alumno/a coas aportacións da familia e coa información aportada polos distintos mestres/as do rapaz/a.
- Colaborar cos servizos externos do Concello e da Consellería de Educación e outros organismos que se consideren importantes para dar resposta á nosa problemática.

#### Xefe/a de Estudos:

- Coordinará as actividades de carácter académico en relación con dito Plan.
- Favorecerá a flexibilidade de horario, espazos... para a posible coordinación dos titores e profesorado especialista no periodo de adaptación do novo alumno/a.

Titores/as:

- O titor/a é a figura clave no proceso de ensino-aprendizaxe, de ahí que a súa actuación sexa decisiva á hora de levar a cabo o Plan de Acollida.

## **7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.**

Para ver a utilidade do noso plan plantexaremos unha reflexión e análise do mesmo realizando un seguimento e avaliación continua e procesual que nos leve a ver os avances na adaptación e integración dos novos alumnos e alumnas ou, pola contra, os fallos habidos farannos recapitular e corrixir os posibles erros nun proceso de retroalimentación.

O seguimento farase polo profesorado encargado de implementar o Plan: titores/as, orientador/a, xefe/a de estudos. Avaliarase o Plan na reunión de Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Finalmente realizarse unha avaliación final do Plan de acollida que quedará recollida na memoria de centro.



## **ANEXO I**

### **CARPETA PARA AS FAMILIAS. Conterá:**

- Carta de benvida (se o alumno/a non coñece o galego esta irá escrita na súa lingua)
- Plano do centro,
- Calendario escolar (comezo de curso, final de curso, vacacións: Nadal, Semana Santa, verán, días non lectivos).
- Horario do alumno/a.
- Horario de titoría
- Normas de centro.
- Normas de convivencia.
- Material escolar.
- Servizos que oferta o centro
  - Transporte escolar.
  - Actividades extraescolares.

## ANEXO II

### EXEMPLOS DE ACTIVIDADES DE ACOLLIDA

#### AMBIENTACIÓN




##### Ambientación do centro.

- Decoración e simbolización das distintas dependencias e instalacións.

##### Ambientación de aula (para alumnado estranxeiro):

- Mapamundi
- Murais representativos dos distintos países (bandeiras, mapas, costumes...)

#### VISITA



- Recorrido polas dependencias do centro acompañado polo titor/a, orientador/a e un compañeiro.

## PRESENTACIÓN



- Presentación do novo alumno/a ao titor, os mestres/as especialistas e os compañeiros do seu grupo-clase.
- Na aula: Xogos de aprender nomes, carteis cos nomes dos nenos/as da clase...
  - Tea de araña: Os nenos e nenas colócanse nun círculo moi grande (na clase ou no patio). O mestre/a disporá dun novelo de lá e comezará lanzándoo a algún alumno/a e dicindo “chámome ...” o que reciba o novelo deberá presentarse igual ca mestra, ate formar un “enredixo”, unha especie de tea de araña. Despois haberá que desfacer o novelo. Para iso, cada neno/a deberá tirar o novelo a quen llo lanzou.
  - Rolda de nomes escritos: Os nenos escriben nunha folla o seu nome. Despois colócanse todos en círculo co papel na man e o nome mirando cara o chan. O mestre/a porá música e, no momento en que esta empece a soar, todos os nenos/as deberán ir pasando o papel co nome o compañeiro/a que ten a súa dereita, todos ao mesmo ritmo para que non haxa ninguén con dúas follas o con ningunha. No momento que a música para tamén pararase de pasar follas. Cada un da a volta á que ten na man, le o nome do seu dono e corre a buscalo para darlla. Ademais do nome pódese poñer, tamén a foto (en educación infantil 3 anos)
  - Cadea de nomes: O mestre/a di o seu nome, o primeiro neno di o do seu mestre/a e o seu, o segundo, o do mestre/ o do primeiro neno e o seu, e así sucesivamente ate o final. Se alguén se equivoca, hai que comezar de novo.

## PROGRAMA DE PREPARACIÓN PARA A ESO

### 1. INTRODUCCIÓN.

Como parte das actuacións encamiñadas á preparación do alumnado que vai rematar a súa etapa formativa no centro incorporándose ao instituto para iniciar no próximo curso a educación secundaria obrigatoria, e a facilitar información e apoio ás familias que tamén se ven afectadas polos cambios que isto leva consigo, deseñase, en coordinación co orientador do IES Álvaro Cunqueiro, este programa que se desenvolve en dúas fases consecutivas e complementarias.

### 2. OBXECTIVOS.

Facilitar o tránsito da etapa de educación primaria á de educación secundaria.

- Facilitar información ao alumnado e ás familias respecto das características e estrutura da nova etapa educativa.
- Proporcionar ao alumnado e ás familias información sobre a oferta educativa, os servizos complementarios e o funcionamento xeral do IES Álvaro Cunqueiro.

### 3. DESENVOLVEMENTO.

#### 3.1. Primeira Fase: Información xeral sobre a ESO e sobre o IES Álvaro Cunqueiro.

Esta fase, destinada ao alumnado e ás familias, desenvólvese no propio centro por parte do orientador do colexio. Realizarase no terceiro trimestre e informarase de asuntos relativos a:

- Estrutura do sistema educativo.
- Oferta educativa do citado IES.
- Horarios lectivos.
- A atención á diversidade.
- Servizos complementarios que ofrecen.
- Actividades extraescolares.
- Criterios de promoción.



- Regulamento de réxime interno.
- Actuacións de acollida.
- E outros que poidan ser de interese.

### **3.2. Segunda Fase: Visita ao IES Álvaro Cunqueiro.**

Ten por obxecto coñecer "in situ" o instituto. Estará coordinada polos dous departamentos de orientación e realizarase no mes de xuño.

### **4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.**

Tanto o profesorado implicado coma o DO avaliarán o grao de desenvolvemento de cada unha das fases, emitindo un informe no que se establezan, se proceden, as propostas de mellora.



**CUESTIONARIO PARA A AVALIACIÓN DO PROGRAMA DE PREPARACIÓN PARA A  
 EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

**1. Respecto da 1ª fase:**

<b>INFORMACIÓN XERAL SOBRE A ESO E O IES ÁLVARO CUNQUEIRO</b>	Adecuada	Inadecuada
A información que se facilitou sobre o sistema educativo e a ESO foi		
A información que se facilitou sobre a oferta educativa e o funcionamento do IES Álvaro Cunqueiro foi		
Os medios que se empregaron na charla (proxeccións, fotocopias,...) parecerónche		

Propostas de mellora para desenvolver esta 1ª fase:

---



---



---



---

**2. Respecto da 2ª fase:**

<b>VISITA AO IES ÁLVARO CUNQUEIRO</b>	Adecuado	Inadecuado
Que se visite o instituto para coñecer mellor o seu funcionamento e as instalacións do mesmo pareceche		

Propostas de mellora para desenvolver esta 2ª fase:

---



---



---



---

Vigo, ..... de ..... de 20....



## PLAN DE POTENCIACIÓN DA APRENDIZAXE EMOCIONAL E DAS HABILIDADES SOCIAIS

### 1. NECESIDADES.

Globalmente podemos considerar que o clima de convivencia entre profesores, familias, e alumnado é xeralmente bo. Pódese estimar, pois, que o Plan de Acción Titorial (normas, organización...) é válido. Consecuentemente faise necesario mantelos no seu esquema básico e inserir no mesmo medidas de intervención para a solución dos problemas que a continuación se indican.

Ocasional ou illadamente prodúcese algún tipo de conflito no que aparecen implicados dous ou máis alumnos/as (problemas de convivencia entre escolares). Faise necesario establecer medidas preventivas neste tipo de problemas.

Ocasional ou illadamente prodúcese algún conflito de relación docente-discente. Faise necesario abordar medidas preventivas ó respecto.

Algúns alumnos/as con condutas inadecuadas nunha taxa viable en primaria, unha vez situados na ESO, adoitan un nivel de conflictividade máis problemático. Unha atención adecuada en Primaria a esta problemática terá fundamentalmente un carácter preventivo.

Obsérvase certo déficit de capacidade ou habilidade social nalgúns nenos e nenas.

### 2. OBXECTIVOS.

- Desenvolver o Plan de Acción Titorial en tódolos seus núcleos con especial referencia ós apartados que fan referencia ás relacións persoais entre profesorado, familias e alumnado. Problemas de convivencia entre escolares facendo especial fincapé en:
  - Establecer medidas preventivas para reducir as posibles causas de orixe familiar, ambiental, escolar e persoal.
  - Formación de cidadáns responsables, autónomos e participativos.
  - Educación emocional.
  - Autocontrol.
  - Autoestima
- Artellar medidas educativas pertinentes.

### 3. ACCIÓNS PRIORITARIAS.

Desenvolvemento por todo o profesorado como un compoñente transversal do currículo (contidos das lecturas, análise de conflitos...) actividades referidas a:

- Habilidades emocionais:
  - Identificación, expresión, avaliación e control de sentimentos.
  - Demorar a gratificación, control de impulsos, redución do estrés.
  - Coñecer a diferenza entre sentimentos e emocións.
- Habilidades cognitivas:
  - Saber ler e interpretar indicadores sociais: recoñecer as influencias sociais sobre a propia conduta.
  - Dividir en pasos o proceso de toma de decisións e resolución de problemas.
  - Comprender o punto de vista dos demais.
  - Comprender as normas de conduta.
  - Manter unha actitude positiva ante a vida.
  - Cada titor/a informará ao orientador daquel alumnado con algunha problemática deste tipo.
  - Cada titor solucionará en primeira instancia, xunto coas familias, tódalas irregularidades observadas con respecto á normal convivencia no centro.
  - O orientador facilitará material para a avaliación de certas habilidades sociais.
  - Os titores/as e familiares implicados, conxuntamente co orientador, elaborarán para cada caso un Plan de Modificación de Conduta no que se contemplan as seguintes medidas:
    - Avaliación psicopedagóxica.
    - Plan de Modificación de Conduta.
    - Programas de potenciación de Habilidades Sociais a desenvolver no contexto do grupo clase e/ou pequeno grupo polos/as titores/as e/ou orientador, segundo o caso.
    - En caso de problemas de conduta graves, o titor implicado cumprimentará un parte de incidencias de acordo co modelo existente en Xefatura de Estudos.
- Os/as titores/as prestarán especial atención a este aspecto na aplicación das medidas xerais contempladas no PAT.

#### **4. RECURSOS.**

O profesorado pode programar estas actividades no marco do currículo.

O profesorado de alternativa e ou relixión poden introducir estas actividades no marco do seu currículo.

Menciónase aquí algunha bibliografía, pero todas as editoriais teñen material deste tipo:

- M<sup>a</sup> Inés Monjas (2006). Programa de Habilidades de interacción social (PEHIS). Madrid. CEPE.
- Ibarrola, B. y E.Delfo: Sentir y Pensar. Programa de Inteligencia Emocional para niños de 3-5 años. Ed. SM
- Ibarrola, B. y E.Delfo: Sentir y Pensar. Programa de Inteligencia Emocional para niños de 6 a 8 años. Ed. SM.
- VVAA, Cuaderno de Habilidades sociales. Proyecto Universidad de Granada.
- Dipurural, Proyecto equal. Fondo Social Europeo.
- VVAA, Programa Aprender para cooperara/Cooperar para aprender. Implementación del aprendizaje cooperativo en el aula. Universidad de Vic.

#### **5. AVALIACIÓN.**

Teranse en conta os seguintes elementos:

- Avaliación das actividades desenvolvidas.
- Avaliación do grao de cumprimento dos obxectivos.

## PROGRAMA DE ENRIQUECEMENTO HORIZONTAL

### 1. NECESIDADES.

No marco do PAT e Plan de Atención á Diversidade, aplicarase este Plan de Enriquecemento Horizontal como forma de atender ao alumnado de altas capacidades nun contexto de integración.

### 2. OBXECTIVOS.

- Detectar pronto ao alumnado con características de sobredotación ou talentosos.
- Adoptar as medidas oportunas para a atención a este alumnado nun marco de integración.

### 3. ACCIÓNS PRIORITARIAS.

#### 4.1. Detección.

Sistematicamente para todo o alumnado de infantil e 1º de Primaria aplicaranse as seguintes accións:

ACCIÓN	INF	1º	Novo ingreso
Nominacións do profesorado.	SI	SI	SI
Nominación dos iguais.	NON	SI	SI
Deteccións polo orientador no proceso de desenvolvemento do PO	SI	SI	SI
Probas específicas aos nominados.	SI	SI	SI

#### 4.2. Avaliación psicopedagóxica.

Para aqueles/as que no proceso de detección deran unhas puntuacións non adecuadas, abrirase un proceso de avaliación psicopedagóxica segundo o procedemento máis axeitado.

#### **4.3. Medidas de atención á diversidade.**

Ademais das xa contempladas no Plan Atención a Diversidade, cabe salientar resumidamente as que englobase nos tres apartados seguintes.

##### **Que ensinar:**

- Actividades e técnicas que fomenten o pensamento diverxente e creativo.
- Actividades para o desenvolvemento social e afectivo.
- Actividades que fomenten a participación e a motivación.
- Propostas abertas mediante a planificación de contidos e actividades con diferentes graos de dificultade (conceptualización, aplicación, relación e interpretación).
- Actividades individuais de enriquecemento ou profundización.
- Actividades de libre elección. É necesario que o alumnado poida elixir entre varias actividades que respondan os seus particulares intereses.
- Actividades que posibiliten diferentes maneiras de execución e expresión.
- Actividades extraescolares que dean resposta aos intereses do alumnado.
- Desenvolvemento dalgún programa específico dende o propio currículo.

##### **Cómo ensinar:**

A organización de aula, dará resposta a un clima de comunicación aberto e flexible, procurando establecer unha distribución que propicie unha dinámica de grupos onde haxa un periódico reparto de responsabilidades: portavoces do grupo, reparto do material, encargados de proxectos...

Por outra banda, ao existir diferentes ritmos de traballo, propiciaremos momentos nos que se realicen diferentes actividades e prestaremos atención aos aspectos organizativos. Deberanse organizar distintos espazos de aprender: a biblioteca, o recanto dos xogos, o recanto dos experimentos, o taller de prensa, o recanto para as coleccións, o recanto de plástica... Evidentemente estas dinámicas de traballo levarán parella unha flexibilización dos tempos dedicados ás diferentes áreas e tarefas.

##### **Orientacións á familia:**

Recoméndase manter unha estreita relación coa familia a fin de acadar unha axeitada implicación e colaboración na educación do seu fillo/a, para o que se informará periodicamente e se requirirá a súa participación naqueles aspectos que se considere

necesario respectando sempre a liña que se estea a seguir no Centro e como complemento a acción deste, ó tempo que se intentarán eliminar aquelas condutas que dalgún xeito poidan incidir no seu desenvolvemento (sobreprotección, insensibilidade, desaxuste o nivel de esixencias, deshabitación, convivencia con outros iguais...) procurando sempre animalo, loándolle os pequenos logros e dándolle a seguridade suficiente en si mesmo para que poida afrontar con éxito a realización das súas tarefas.

## **5. AVALIACIÓN.**

Utilizarase como criterios principais:

- O desenvolvemento das accións prioritarias previstas.
- O cumprimento dos obxectivos.

## PROGRAMA DE MELLORA DA HIXIENE PERSOAL

### "AS PALABRAS CONVENCEN PERO O EXEMPLO ARRASTRA"

#### 1. INTRODUCCIÓN. XUSTIFICACIÓN.

A Educación para a Saúde ocupa un oco cada vez máis importante no currículo da Educación Primaria. Isto é evidente, posto que o que comezou sendo un tema transversal é agora unha exigencia básica enmarcada en tódalas áreas do currículo.

Nos últimos anos quedou patente que é, nas primeiras idades, cando se instauran na vida cotiá do neno/a unha serie de hábitos que serán transcendentais na evolución da súa saúde, non só ao longo da súa vida académica, senón tamén ao longo de toda a vida adulta. Se estes hábitos saudables son inculcados dende o ámbito escolar, ademais do familiar (que en ocasións é deficitario), lograranse persoas cunha base sólida sobre a que asentar, cós anos, novos coñecementos.

Tódolos mestres/as, e polo tanto en tódalas áreas, debemos traballar na mesma dirección.

#### 2. OBXECTIVOS XERAIS.

- Adquirir informacións e coñecementos prácticos relacionados coa saúde individual e colectiva.
- Fomentar valores, actitudes e hábitos que tendan a mellorar o nivel de saúde da poboación escolar.
- Responsabilizar aos nenos/as da súa saúde para que adopten unha actitude e comportamento máis axeitados.
- Adquirir pautas e exercicios saudables que potencien o benestar físico, corporal e social do alumnado.
- Fomentar condutas saudables, tanto na aula como no entorno social e familiar.
- Coñecer os medios técnicos necesarios para o mantemento dunha axeitada hixiene persoal.

### 3. ACCIÓNS A DESENVOLVER.

Co presente programa afondaremos nos hábitos de hixiene persoal máis importantes.

#### 3.1. Hixiene Corporal:

- **Limpeza da pel:** na pel atopamos as glándulas sudoríparas polo que unha persoa debe limpar o seu corpo optando por dos variantes: baño ou ducha. É imprescindible e necesario que se faga tódolos días sen excepción.
- **Limpeza dos xenitais:** requiren especial atención por ser a parte do corpo máis próxima aos orificios de saída das feces e dos ouriños.
- **Limpeza das mans:** necesitan limpeza constante xa que constitúen un dos mecanismos máis frecuentes de transmisión de infeccións. Nesta limpeza as **unllas** son unha parte moi importante e debemos cortalas cada 8 días como mínimo.
- **Limpeza dos pes:** tenden a ulir mal polo que hai que utilizar calzado que permita a transpiración, un número de calzado adecuado da nosa medida e os calcetíns e as medias deben ser de tecidos naturais. Nesta limpeza as **unllas** son unha parte moi importante e debemos cortalas cada 8 días como mínimo.
- **Limpeza del pelo:** prevención de lavado con xel específico para o pelo e así evitar a aparición de piollos).

3.2. **Os ollos:** en cuanto a súa protección para coidar a vista, como evitar tocalos coas mans sucias.

3.3. **Os oídos:** tanto a parte externa como suavemente a interna.

3.4. **Os dentes:** exame periódico dos dentes por un odontólogo/a e medidas de prevención destas (hixiene dental usando cepillos e dentífricos adecuados polo menos despois de cada comida).

3.5. **Limpeza do nariz:** pano limpo, nunca utilizar panos que non sexan propios para evitar o contaxio e soarse suavemente sen rascar no interior dela).

3.6. **Hixiene da roupa e do calzado:** deben protexer e favorecer o movemento e permitir a transpiración, por iso utilizar tecidos naturais e non usar roupa de menor tamaño.

### 4. TEMPORALIZACIÓN.

Nun primeiro momento levaremos a cabo este programa ao longo de 3-4 sesións de traballo continuado sobre o tema que nos ocupa.



Unha vez rematadas estas sesións e avaliado positivamente o traballo realizado será necesario volver a el de vez en cando para recordar os puntos mais importantes e avaliar o cumprimento dos obxectivos propostos.

## **5. AVALIACIÓN.**

- Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo relacións entre estas e determinados hábitos de hixiene e saúde.
- Identificar as repercusións sobre a saúde individual e social dalgúns hábitos de hixiene.
- Identificar se o alumno/a ten adquiridos os hábitos traballados e se os reflexa nas súas rutinas diarias.
- Valorar a necesidade de lavarse e estar limpos.
- Participación dos alumnos/as nas actividades establecidas.

## PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN SOBRE O ACOSO ESCOLAR

### 1. XUSTIFICACIÓN.

O problema do acoso escolar (bullying na extendida terminoloxía anglosaxona) caracterizouse ata fai ben pouco, por ser un fenómeno oculto, que pese a estar presente dende sempre nas relacións entre os menores nos centros educativos e fora deles, non xenerou estudos, reflexións ou reaccións nin dende o ámbito académico nin dende as instancias oficiais.

Ata fai pouco considerábase algo inevitable e ata alleo ás diferentes posibilidades de intervención, como un problema de carácter estritamente privado que debía ser solventado no seo das relacións entre iguais, ou cando máis no ámbito da disciplina escolar.

De feito, moitos dos actos encadrables no acoso escolar foron frecuentemente considerados parte integrante da experiencia escolar, inherentes á dinámica propia do patio, como unha lección máis da escola na que como anticipo da vida, o menor ten que aprender a resistir, a defenderse, a facerse respectar e incluso a devolver o golpe.

A consecución do obxectivo de lograr un clima de paz e seguridade nos Centros educativos e no contorno dos mesmos, onde os menores poidan formarse e socializarse axeitadamente debe tornarse en meta irrenunciable, superando a resignada aceptación da existencia de prácticas de acoso entre os nosos menores, como algo inherente á vida dos centros escolares.

### 2. O ACOSO ESCOLAR.

#### 2.1. Concepto.

Cuando falamos de “acoso escolar” ou bullying referímonos a situacións nas que un ou máis alumnos/as perseguen e intimidan a outro/a, vítima, a través de insultos, rumores, vexacións, aillamento social, motes, agresións físicas, ameazas e coaccións... podendo desenvolverse ao longo de meses e incluso anos, sendo as súas consecuencias devastadoras, sobre todo para a vítima pero tamén para os espectadores e para o propio agresor ou agresora.

#### 2.2. Elementos presentes no acoso escolar ou “bullying”.

- Conduta agresiva intencional. Finalidade clara de facer dano ao compañeiro/a e en última instancia sometelo/a.
- Conduta intimidatoria habitual e persistente. Non é algo ocasional senón mantido no tempo e cunha tendencia á escalada da mesma.

- Desequilibrio de forzas entre os participantes. Relación caracterizada pola sumisión e o poder, onde a vítima atópase indefensa, sen recursos para facer fronte ao agresor/a.
- A lei do silencio. A vítima é intimidada para que non denuncie a situación o que fai que se poida perpetuar durante longo tempo.

### 3. A IMPORTANCIA DE INTERVIR.

- Con respecto ao maltratador/a: o maltratador aprende que coa violencia consegue someter aos demais, conseguindo todos os seus obxectivos a costa dos outros, có que tenderá a perpetuarse a súa conduta.
- Con respecto á vítima: os problemas de autoestima, ansiedade, tristura e fobia a ir á escola son algúns dos síntomas que provoca o acoso escolar.
- Para os espectadores: o máis habitual é que o resto de compañeiros/as, ante situacións deste tipo non actúen. Nos primeiros momentos por medo a ser tamén vítima, pero o máis terrible de todo é a normalización que se produce da violencia. Deste modo, non se actúa porque se manifesta un efecto de tolerancia e normalización da violencia no ámbito escolar.

### 4. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.

Diversos estudos demostraron a importancia do cambio do clima social na aula e nas relacións interpersonais de cara á prevención de condutas violentas dentro e fora do centro educativo (Trianes e Fernández-Figarés, 2001); apostando pola inclusión de módulos específicos de prevención do acoso escolar dentro do currículo do neno/a, onde as figuras implicadas son todas aquelas que teñen que ver có alumnado, xa sexa de maneira directa ou indirecta.

Monjas Casares, como parte das actividades a desenvolver na aula propón:

1. **Expresión corporal:** dramatizacións.
2. **Actividades musicais:** cancións, coplas, poñer letra a unha música, facer un rap.
3. **Actividades manuais:** comics, debuxos, viñetas, murais.
4. **Actividades de lapis e papel:** sopas de letras, fugas de vogais, encrucillados.
5. **Actividades con medios audiovisuais:** vídeo-fórum, anuncios, eslogans e spots publicitarios.
6. **Outras actividades:** libro-fórum, poesías, redaccións, historietas, rimas.

## 5. PLAN DE INTERVENCIÓN.

### 5.1. Teatro.

#### Obxectivos:

- Mellorar a capacidade expresiva do corpo.
- Traballar a desinhibición para superar problemas de timidez.
- Ensinar empatía mediante xogos de rol para ser conscientes do rol de acosado/a e de acosador/a.
- Perseguir a integración no grupo.

#### Actividades a desenvolver.

- Primeira sesión: presentación; xogos de recoñecemento; xogos de imitación (roles de equipo, roles de liderazgo ); xogos de contactos físicos (desinhibición).
- Segunda sesión: xogos de imitación; xogos de contacto físico; xogos coa voz (respiración).
- Terceira sesión: xogos contacto físico; xogos coa voz; xogos de historias.
- Cuarta sesión: xogos de historias; recoñecemento cós compañeiros/as; conclusións.

### 5.2. Asertividade.

#### Obxectivos:

- Ensinar a identificar o problema do acoso.
- Tratar o uso da linguaxe de maneira asertiva.
- Traballar técnicas para mellorar as habilidades sociais e desenvolver o concepto de autoimaxe para superar calquera percepción errónea dun defecto físico o sensación de inferioridade.

#### Sesión 1: Definición e identificación da conduta de acoso.

##### Obxectivos da sesión:

- Preténdese que o alumnado sexa quen de definir e identificar as condutas de acoso.
- Trátase de que o alumnado identifique que é o acoso escolar, e as múltiples formas nas que se presenta:
  - Acoso físico.
  - Acoso psicolóxico.
  - Extorsión.

- Acoso visual.
- Exclusión.

#### Actividades a desenvolver

- Tormenta de ideas sobre o que é o acoso, así como as diferentes formas nas que se pode dar e recapitulación de como me sinto cando me acosan.
- Sinalar como se sinte un cando é acosado/a.
- Introducción breve sobre o que é o acoso e por que me fai sentir mal.
- Lectura e comentario de historias: dividir a clase en grupos pequenos e responder ás seguintes preguntas:
  - Están acosando a este rapaz/a?
  - De que xeito o acosaban?
  - Como se sentía o acosado/a?
  - Como credes que se sentía o acosador/a?

#### Sesión 2: Informar do acoso. Protocolo de actuación.

##### Obxectivos da sesión:

- Pretendese que o alumnado se dea conta da importancia de "denunciar" o acoso de cara a evitar que se perpetúe.
- Desenvolveremos un protocolo de "denuncia" cando se produce unha situación de acoso (que podo facer cando me acosan?).

#### Actividades a desenvolver

- Non pagues o pato...denúnciao.
- Tormenta de ideas (dividir a lousa en dous):
  - Dar razóns polas cales supostamente non debe decir aos profesores/as, que está sendo acosado.
  - Dar consecuencias de non denunciado.
- Dar unhas pautas de cales son os pasos correctos para denunciar que un está sendo acosado.

#### Sesión 3: O observador: que facer cando ves que a alguén lle están acosando?

##### Obxectivo da sesión:



- Pretendemos que os observadores das situacións de acoso actúen en vez de quedarse pasivos ante os acontecementos. Que formen parte da solución ante o problema de acoso nas aulas, xerando un entorno de seguridade no colexio.

#### Actividades a desenvolver

- Explicar os tres tipos de observadores que existen:
  - Non fan nada e ignoran a situación.
  - O que actúa de forma negativa e anima ó acosador.
  - O que realiza unha acción responsable.
- Tormenta de ideas das razóns polas cales cando un ve unha situación de acoso non actúa.
- Ao lado da tormenta de ideas anterior, anotar cales son as consecuencias de que alguén presencie unha situación de acoso e que non faga nada.
- Lista de accións que fomentan o acoso e accións que disuaden o acoso.
- Facer un eslogan contra o acoso.

#### Sesión 4: Autodefinición, autoestima e asertividade.

##### Obxectivos da sesión:

- Reforzar a autoestima do alumnado, de cara a mellorar a súa autoafirmación ante posibles casos de acoso psicolóxico ou físico.
- Traballaremos a importancia da linguaxe que usamos con nós mesmos de cara a fomentar unha alta ou baixa autoestima e a importancia de aceptarnos como somos cos nosos puntos fortes e débiles.

#### Actividades a desenvolver

- Facer un listado coas cousas que me gustan de min (tanto físicas como psicolóxicas).
- Facer un listado das cousas que me gustan de tódolos meus compañeiros/as da clase.
- En pequeno grupo ler unha historia sobre un neno/a que se sente mal consigo mesmo e que indiquen que lle está a pasar para sentirse tan mal. Despois expoñerese en grupo as conclusións.
- Poñer un listado das cousas que facemos cos nosos amigos/as e que nos converten en bos amigos/as.

## **6. Avaliacion.**

Na avaliación desde plan teranse en conta os seguintes elementos:

- Avaliación das actividades desenvolvidas.
- Avaliación do grao de cumprimento dos obxectivos.

## **PROGRAMA SOBRE A INTERCULTURALIDADE E A CULTURA DA PAZ**

### **1. XUSTIFICACIÓN.**

En España, nos últimos anos, ante o incremento de persoas inmigradas na sociedade, está de plena actualidade a procura de metodoloxías e principios teórico - prácticos dende os cales abordar o tema da interculturalidade e da cultura da paz.

Entendemos a educación, como un proceso global da sociedade e como tal, unha ferramenta básica de creación de cultura. Dende fai uns anos, e cada vez con maior forza, vense falando en distintos ámbitos sociais da crise dos sistemas educativos modernos e da necesidade de educar en e para a diversidade; do necesario de introducir na educación que se imparte nas distintas esferas educativas, valores que propicien a apertura mental que permita recoñecer o valor da diferenza en tódolos aspectos do individuo e que consiga levar a un futuro cidadáns capaces de convivir en harmonía.

As relacións entre a Interculturalidade e a Cultura de Paz son evidentes xa dende a súa propia denominación: calquera cultura está influída polas aportacións doutra cultura e moitas desas influencias tradúcense, en ocasións, en compoñentes interculturais factibles de ser compartidos polos grupos étnicos que entran en contacto e, noutros casos, en conflitos entre eles. As súas implicacións para a educación van dende a teoría e a política educativa á propia práctica. Valores como a solidariedade e o respecto, temáticas como o rexeitamento e a prevención dla violencia, a resolución de conflitos..., comúns a ambos conceptos, conteñen un alto potencial educativo que podemos aproveitar para favorecer unha educación de auténtica calidade para todo tipo de alumnado.

### **2. O CONCEPTO DE INTERCULTURALIDADE E DE CULTURA DA PAZ.**

A Interculturalidade e a Cultura da Paz son dous conceptos intimamente relacionados, que nestes últimos anos adquiriron unha importancia especial nos estudos sobre as realidades sociais caracterizadas pola diversidade cultural.

O “Manifesto 2000”, redactado por un grupo de premios Nobel, invita a todo o mundo a comprometerse na vida diaria co respecto en xeral, e contén resumos, e nunha linguaxe sinxela, os seis principios clave que definen e determinan a Cultura da Paz:

- Respetar a vida.
- Rexeitar a violencia.
- Compartir cós demais.
- escoitar para entender.
- Conservar o Planeta
- Redescubrir a Solidariedade.

A Cultura de Paz defínese, por outro lado, tal como expresa a Declaración e Programa de Acción aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas no verán de 1999, como “un conxunto de valores, actitudes, tradicións, comportamentos e estilos de vida” orientados a conseguir metas en oito esferas:

- Cultura da paz a través da educación.
- Desenvolvemento económico e social sostible.
- Respeto de tódolos dereitos humanos.
- Igualdade entre homes e mulleres.
- Participación democrática.
- Comprensión, tolerancia e solidariedade.
- Comunicación participativa e libre circulación de información e coñecementos.
- Paz e seguridade internacionais.

Dende fai tempo temos unha evidente diversidade cultural distribuída por todos os currunchos do país, xunto con minorías étnicas, como fontes de argumentación para ser conscientes da diversidade cultural como fenómeno social e antropolóxico presente no noso país. Pola contra, son os fenómenos migratorios os que van facer que se asente entre nós a idea da multiculturalidade como unha característica da nosa sociedade, cunha carga ambivalente na súa percepción. Por unha banda, recoñécense os aspectos positivos da variedade de culturas, sobre



todo se as consideramos propias, e por outra, temos unha visión negativa, cargada de prexuízos e estereotipos, da diversidade cultural que provén das minorías étnicas ou de latitudes do sur, especialmente de África e América Latina.

### **Interculturalidade para a Cultura da Paz.**

Nesta revisión dos dous conceptos básicos que definen programa, podemos observar as profundas relacións existentes entre a Interculturalidade e a Cultura da Paz:

- As dúas comparten valores importantes como o respecto e a valoración positiva da diversidade étnica e cultural, a solidariedade e a tolerancia.
- AS dúas teñen unha preocupación polos conflitos interpersoais e intergrupais, pero tamén aceptan o conflito como unha característica propia da vida, dos individuos e dos grupos, coa que hai que aprender a convivir, para o que resulta fundamental coñecelo ben e saber xestionalos, regularlos e resolvelos.
- As dúas rexeitan contundentemente todo tipo de manifestación da violencia, valorando o fortalecemento social e educativo dos contidos da Interculturalidade e da Cultura da Paz como un dos mellores modos de previla e detela.
- As dúas asumen a importancia da educación, en todas as súas acepcións, como un medio privilexiado para o aprendizaxe dos coñecementos, dos valores e dos comportamentos derivados da Interculturalidade e da Cultura da Paz.

En definitiva, podemos concluír dicindo que os plantexamentos interculturais para a Cultura da Paz resultan valiosos como proposta educativa para todo tipo de alumnado, á vez que serven como unha resposta educativa á diversidade cultural.

### **3. IMPLICACIÓNS DIDÁCTICAS.**

Incorporar estes temas como valores e retos na educación, lévanos a realizar un proceso de adaptación das nosas intencións educativas sobre a paz e a interculturalidade que nos permitan incluílas nos procesos didácticos. Debemos pois, seleccionar e adaptar os contidos e obxectivos ás características do noso alumnado e do contexto educativo.

Ata o de agora vimos de incluír este traballo a través da denominada transversalidade, consistente no tratamento educativo destes contidos a medida que se van desenvolvendo os temas das diferentes áreas á vez que se procura a súa consideración explícita na xestión e funcionamento dos centros.

Pola contra, podemos atopar outras posibilidades de incorporación da Educación Intercultural para a Cultura da Paz como contido didáctico, estudando a súa presenza nas diferentes áreas curriculares. Parece lóxico, que para lograr un desenvolvemento da Educación Intercultural para a Cultura da Paz na práctica, intentemos buscar unha proposta integradora destas dúas vías, coa fin de evitar que estes contidos queden so no ámbito da declaración de bos principios educativos.

En primeiro lugar, é necesario empezar pola creación dun ambiente e unha cultura escolar favorables á adquisición e ao tratamento da Interculturalidade e da Cultura da Paz nos centros e nas aulas. Hai que establecer mecanismos de diálogo e negociación con outros axentes educativos coa fin de chegar a establecer consensos para a creación dun clima escolar que facilite vivir situacións de paz.

Neste sentido, é importante que o noso alumnado aprenda a identificar e valorar as situacións de convivencia pacífica entre persoas de calquera etnia, de resolución non violenta dos conflitos, de colaboración... que se producen próximas a nós, para que constitúan un grupo de contidos indispensable na Educación Intercultural para a Cultura da Paz, pero tamén unha fonte importante de posibles estratexias metodolóxicas para aplicarlas na aula.

En congruencia, a principal acción docente do profesorado vai ser a creación das situacións didácticas nas que se poidan vivir e aprender e se integren o máximo posible de capacidades do noso alumnado, para o que é imprescindible preparar unhas actividades que inclúan charlas expositivas, traballos de grupo, dramatizacións de situacións diferentes ás máis coñecidas, visualizacións de imaxes significativas, discusións, debates en pequenos e grandes grupos, diálogos, negociacións, resolucións de conflitos reais e simulados...

Por outra banda, as ideas de paz e interculturalidade van asociadas á procura de estratexias para mellorar as condicións das relacións entre os seres humanos. En consecuencia, todos os afectados, non so o alumnado, deben ser obxecto de avaliación, coa fin de detectar claves que permitan melloralas. Debemos establecer con claridade e dar a coñecer os criterios cos que se vai avaliar xa que resultará decisivo para que se estableza un clima de confianza entre todos os implicados nos procesos avaliadores.

#### 4. PLAN DE INTERVENCIÓN.

OBXECTIVOS	MEDIDAS
Mellorar o clima de convivencia no centro.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Creación de gabinetes de asesoramento na convivencia e na cultura da paz.</li></ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Posta en marcha de programas de arbitraje e mediación.</li> <li>• Fomento de actividades dirixidas á mellora da convivencia.</li> <li>• Analizar e orientar dende o Equipo de Convivencia e o Departamento de Orientación accións de mellora encamiñadas á prevención da violencia.</li> <li>• Realizar campañas de información e sensibilización á Comunidade Educativa.</li> </ul>
Dotar ao centro de recursos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Creación da figura do mestre/a mediador/a.</li> <li>• Mellora das condicións da seguridade do centro.</li> </ul>
Fomentar a participación de toda a Comunidade Educativa.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Promocionar a escola de nais e pais a través da ANPA e do Departamento de Orientación para a formación na cultura da paz, a non violencia e a Interculturalidade.</li> <li>• Colaborar coas asociacións do contorno que promovan accións de paz, non violencia e Interculturalidade.</li> <li>• Impulsar e apoiar proxectos que potencien a Interculturalidade e a cultura da paz.</li> <li>• Realizar campañas de información e sensibilización.</li> </ul>
Promover a reflexión, a análise e o debate.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Incluír nas programacións de aula traballos sobre a Interculturalidade e a cultura da paz.</li> </ul>

## 5. RECURSOS.

### 5.1. Publicacións: guías e documentos.

- Guía Inter. Una guía práctica para aplicar la educación intercultural en la escuela. Interprojet, Programa Sócrates de la Comisión Europea. Coordina la Universidad Nacional de Educación a Distancia (UNED) y participan seis países europeos.
- Guía Didáctica de Educación Intercultural. Consejo de la Juventud de España.

- Guía de educación intercultural. "La dimensión antropológica y pedagógica de la educación intercultural". Fundación Ceim y Bancaja.2006. Autor: Josep Lacomba Bázquez.
- Guía de Educación Intercultural: Jóvenes Europeos contra el Racismo. Acsur-Las Segovias.

#### Documentos na rede:

- Atención a la diversidad cultural en la escuela: Propuestas de intervención socioeducativa, Rosa M<sup>a</sup> Rodríguez Izquierdo.
- Congreso Construir la escuela desde la diversidad y para la igualdad.
- Congreso "Interculturalidad y Educación" en Extremadura.
- El pueblo gitano y la educación. Asociación Secretariado General Gitano, Gitanos, Pensamiento y Cultura.
- Estrategias de innovación para construir la escuela intercultural, Miquel Àngel Essomba, Universitat Autònoma de Barcelona.
- Las estructuras organizativas y didácticas de los centros escolares ante el reto de la interculturalidad, Carlota de León y Huertas, Universidad de Córdoba.
- Manual digital de la Interculturalidad, FONGDCAM.
- Organizar la escuela intercultural: una exigencia de futuro. Joaquín Gairín Sallán.
- Tendencias actuales de la educación intercultural, Rafael Sáez Alonso.
- Competencia intercultural, concepto, efectos e implicaciones en el ejercicio de la ciudadanía, María Asunción Aneas Álvarez. Facultad de Pedagogía, Universidad de Barcelona.
- La mediación intercultural en contextos escolares: reflexiones acerca de una etnografía escolar, Mónica Ortiz Cobo. Laboratorio de Estudios Interculturales. Departamento de Antropología.Universidad de Granada.
- Escuela e inmigración. Propuesta para la Educación Intercultural, Secretaria de Relaciones Institucionales e Igualdad de FETE-UGT.



- La educación intercultural, Rafael Sáez Alonso. Universidad Complutense de Madrid.

## 5.2. Recursos en internet.

- Observatorio de la diversidad MUGAK y Xenomedia. <http://mugak.eu/gunea/obsmedios/>
- Banbata. <http://www.bantaba.ehu.es/obs/ocont/obsinter/>
- Revista de Educación, Nº 35, Monográfico sobre inmigración y minorías en la escuela. [http://www.revistaeducacion.mec.es/re345\\_monografico.htm](http://www.revistaeducacion.mec.es/re345_monografico.htm) .
- Cuadernos interculturales. <http://ceip.cl/index2.html> .
- Foro para la Integración Social de los Inmigrantes. <http://www.mtin.es/migraciones/Integracion/Foro/inicio/index.htm> .
- Espacio Abierto de Interculturalidad y Derechos Humanos. <http://www.intermigra.info/extranjeria/index.php>.
- Internet y la interculturalidad en Andalucía. <http://www.juntadeandalucia.es/averroes> .
- Edualter, Red de recursos en educación para la paz, el desarrollo y la interculturalidad. <http://www.edualter.org/index.htm> .
- Observatorio Permanente de la Inmigración. [http://extranjeros.mtas.es/es/general/ObservatorioPermanente\\_index.html](http://extranjeros.mtas.es/es/general/ObservatorioPermanente_index.html) .
- CREADE, Centro de Recursos para la Atención a la Diversidad Cultural en Educación. <https://www.mepsyd.es/creade/index.do> .
- CAREI, Centro de Recursos para una Educación Intercultural. <http://www.carei.es/portada.php> .
- Aulaintercultural. <http://www.aulaintercultural.org/>
- Interculturanet. <http://www.interculturanet.es>
- Intercultur@-net. <http://w3.cnice.mec.es/interculturanet/>



- Guía INTER, guía práctica para aplicar la educación intercultural en el aula.  
[http://inter.up.pt/inter.php?item=inter\\_guide](http://inter.up.pt/inter.php?item=inter_guide)
- CREI, Centro de Recursos de Educación Intercultural.  
<http://creivalladolid.centros.educa.jcyl.es/sitio/index.cgi> .
- CADI Murcia El Centro de Animación y Difusión intercultural de la Región de Murcia.  
<http://www.cadimurcia.net> .
- Paula. <http://www.observatori.org/paula/castellano/>
- Cuaderno Intercultural. <http://cuadernointercultural.wordpress.com/>
- Gestión de centros interculturales.  
<http://portales.educared.net/convivenciaescolar/gestiondecentrosinterculturales/home.html>

## 6. AVALIACIÓN.

Na avaliación desde plan teranse en conta os seguintes elementos:

- Avaliación das actividades desenvolvidas.
- Avaliación do grao de cumprimento dos obxectivos.

## PROGRAMA DE PREVENCIÓN DA DROGODEPENDENCIA

### 1. PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN.

As intervencións de tipo informativo-sensibilizador tratan de difundir, comunicar e transmitir mensaxes preventivas eficaces, dirixidas á poboación xeral ou a grupos específicos desta poboación. Para conseguilo centran os seus esforzos en desenvolver e promover a utilización de estratexias, métodos e actuacións que aseguren, tanto a calidade das mensaxes transmitidas, como a eficacia dos instrumentos utilizados para a súa difusión.

A realización de actuacións neste ámbito estratéxico responden ao mandato establecido na lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas, que no artigo 4 recolle como prioritaria a atención á información e a formación en prevención das drogodependencias.

### 2. OBXECTIVOS

A finalidade última destas intervencións preventivas é a de promover a adopción de estilos de vida saudables entre a poboación destinataria, procurando que se reduzan as prevalencias dos consumos de drogas e os problemas sociosanitarios asociados con eles.

#### 2.1. Obxectivos específicos:

- Reducir as actitudes favorables ao uso de drogas.
- Incrementar a percepción do risco asociado ao uso das distintas drogas.
- Modificar as crenzas e mitos sobre os efectos das distintas sustancias.
- Reducir a intención de consumir drogas no futuro

#### 2.2. Obxectivos operacionais:

- Ofrecer a poboación unha información sobre as sustancias e as consecuencias do seu consumo clara, realista e adecuada.
- Enfatizar as consecuencias positivas de non consumir drogas.
- Corrixir erros, falsa crenzas, mitos, estereotipos e falacias sobre as drogas, o consumo e os efectos das mesmas.

- Comunicar unha información clara, veraz e alcanzable ao receptor sobre o uso de drogas e as drogodependencias.

### **3. POBOACIÓN DESTINATARIA.**

A poboación destinataria destas intervencións de información/sensibilización é o alumnado de terceiro ciclo de Educación Primaria dos centros escolares.

### **4. CONTIDOS**

- Conceptos básicos sobre drogodependencias
- Efectos do consumo de drogas e a súas consecuencias sobre a saúde e o benestar da persoa: tabaco, alcohol e cannabis.
- Mitos e crenzas.
- Habilidades de afrontamento.

### **5. TEMPORALIZACIÓN.**

O programa lévase a cabo ao longo de 4 sesións de unha hora escolar impartidas, preferentemente, en 4 semanas consecutivas pola Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo, PLDA.

### **6. AVALIACIÓN.**

Na avaliación desde plan teranse en conta os seguintes elementos:

- Avaliación das actividades desenvolvidas.
- Avaliación do grao de cumprimento dos obxectivos.



## **5. AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (PAT).**

A avaliación farase tendo en conta o cumprimento dos obxectivos formulados a nivel xeral no PAT e en cada un dos seus subprogramas e o grao de desenvolvemento das actuacións que estaban previstas.